

ASUNTO

XGL/2021/00038498P

Xunta de Goberno Local do 23 de agosto de 2021.

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00038498P.

Aprobación de Actas de sesións anteriores.

Aprobación das actas do 2, 3 e 5 de agosto.

2. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/289/2020.

LICENZA OBRA MAIOR

Concédenselle senllas licenzas á Consellería de Política Social para a demolición dunha vivenda e unha nave situadas na parcela DOC e parcela EQ do Plan de Sectorización do SUNP-14 (Tras Paxonal) Rúa Monte seixo nº 21, e para a construción dun edificio destinado a Residencia de Persoas Maiores, cun orzamento de execución material de 8.898.800,00 €.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00012106C.

LICENZA OBRA MAIOR

Concédeselle á Comunidade de propietarios Banquete de Conxo 1, 2, 3, 4, 5 e 6 licenza para a demolición dunha piscina en local de edificio de vivendas situado na Rúa Banquete de Conxo 3-4 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 10.000,00€.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/594/2020.

LICENZA OBRA MAIOR

Acéptase a cesión de viario e concédeselle licenza a Francisco Javier Vázquez Fernández para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Cortos.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1260/2020.

LICENZA DE OBRA MAIOR

Acéptase a cesión de viario e concédeselle licenza a D^a Marlene Rodríguez Baña, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lg Amañecida.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00012108E.

ACEPTACION DE CESION DE VIARIO E LICENZA DE SEGREGACION

Acéptase a cesión de viario e concédeselle licenza a José Ramón Valiño Barrio para segregación, previa agrupación das parcelas situadas na Rúa Sarela de Abaixo, dando lugar a 2 parcelas de resultado.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008570Y.

LICENZA DE OBRA MAIOR

Concédeselle licenza a David Blanco Rodríguez para realizar a instalación de piscina na Travesía de San Marcos 3B Santiago de Compostela.

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00012273A.

LICENZA OBRA MAIOR

Concédeselle licenza á Comunidade de propietarios Bloque R.2.2 PLG Fontiñas para a instalación de ascensor en acceso a aparcamento no edificio situado na Rúa Lisboa 5.

9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00014918A.

LICENZA OBRA MAIOR

Concédeselle licenza a José M^a Miramontes Brenlle para a demolición e construción de cuberta no edificio situado no Lg Valiña 7 Santiago de Compostela (A Coruña).

10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1120/2020.

LICENZA OBRA MAIOR

Concédeselle licenza á COMUNIDAD HEREDITARIA DE SANTIAGO GARCIA BALIÑA para reforma do espazo sen uso para destinalo a vivenda na RÚA FERNANDO III O SANTO.

11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00001439X.

RECTIFICACION ERRO LICENZA SEGREGACION

Rectifícanse varios erros no acordo da Xunta de Goberno Local de 12/07/2021 polo que se outorgaba unha licenza de segregación de parcelas a SANTIAGO SUR GALICIA, SL. Os erros referíanse á razón social do beneficiario da licenza e á descrición de dúas parcelas de resultado.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028733H.

Dación de conta da resolución 150/2021 do TACGAL relativa ao lote 2 (expte. CON 52/2020) e proposta de exclusión da oferta de AUTOS IGLESIAS para este lote e proposta de requirimento á GRUPIVAZGE, SL, de solvencia e demais documentación por presentar a oferta economicamente máis vantaxosa neste lote.

Dáse conta da resolución do Tacgal que estima o recurso de GRUPIVAZQUEL, SL contra a adxudicación do lote 2 (vehículo de turismo 5 portas diésel) do contrato "Subministración de vehículos para a Policía Local mediante renting" e, en consecuencia: a) retrotráese o procedemento de contratación ao momento previo á adxudicación dese lote; b) exclúese ao adxudicatario orixinal (AUTOS IGLESIAS, SL) e c) dispónse que se requira ao empresario que presentou a seguinte oferta máis vantaxosa (GRUPIVAZQUEL, SL) para que presente a documentación necesaria para que se lle adxudique o contrato.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022764Y.

Aprobación do expediente denominado Acondicionamento exterior do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte e a apertura do procedemento de adxudicación

Apróbase o expediente de contratación "**Acondicionamento exterior do xacemento arqueolóxico do Castelo da Rocha Forte**" e ábrese o procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto simplificado.

O orzamento de licitación é de 292.168 € (241.461,16 euros sen IVE; IVE de 50.706,84 euros) e o prazo de execución de 3 meses.

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028495X.

Aprobación do expediente denominado **Subministración de 600 composteiros individuais de exterior, aireadores, termómetros para compostaxe doméstica; e subministro, transporte, descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe no Concello de Santiago de Compostela** e a apertura do

procedemento de adxudicación |

Apróbase o expediente denominado **Subministración de 600 composteiros individuais de exterior, aireadores, termómetros para compostaxe doméstica; e subministro, transporte, descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe no Concello de Santiago de Compostela** e ábrese o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

O orzamento de licitación é de 43.750 € (34.562,50 euros sen IVE; IVE de 9.187,50 euros) e o prazo de execución do contrato é de 3 meses.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/330/2005.

|Revisión do IPC da renda do contrato de alugamento do local nº 6 da rúa Presidente Salvador Allende 6-8 baixo destinado a oficinas municipais (atención ao contribuínte) |

Revisase o contrato conforme á variación do IPC desde xuño 2014 a xuño 2021, pasando a renda mensual de 997,03 € a 1.003,01 €

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00028725X.

|Dar conta da resolución nº 161/2021 do TACGAL de desestimación do recurso contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do 28 de xuño de 2021, polo que se adxudica o contrato de “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Concello de Santiago de Compostela” |

Dáse conta da resolución do Tacgal que desestima o recurso de ACCIONA, SA contra o acordo de adxudicación do contrato “Servizos de mantemento de parques, xardíns e zonas verdes”, confirmándose a adxudicación a favor de CESP, SA. Deste xeito, xa é posible formalizar o contrato adxudicado a CESP, SA.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00026110V.

|Aprobación do expediente denominado **Estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial da rúa do Bidueiro (Vidán)** e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade **aberto simplificado** |

Apróbase o expediente denominado **Estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial da rúa do Bidueiro (Vidán)** e ábrese o procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto simplificado.

O orzamento de licitación é de 190.470,31 € (157.413,48 euros sen IVE; IVE de 33.056,83 euros) e o prazo de execución de 4 meses.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00032978P.

|Aprobar o expediente denominado **Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira)** e a apertura do procedemento de adxudicación |

Apróbase o expediente denominado **Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira)** e ábrese o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

O orzamento de licitación é de 63.369,04 € (54.024 euros sen IVE; IVE de 11.345,04 euros) e o prazo de execución é de 2 meses. Financiado por AGADER dentro do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022

O gasto queda condicionado á entrada en vigor do crédito extraordinario 2021-CREXT-04 e desagregase en 2 anualidades:

Anualidade 2021: 27.012,00 euros.

Anualidade 2022: 38.357,04 euros.

19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00032268B.

|Aprobación do expediente denominado **Instalación de alumado público en Figueiras** e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado** |

Apróbase o expediente denominado **Instalación de alumado público en Figueiras** e a ábrese o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado.

O orzamento de licitación é de 56.976,82 € (47.088,28 euros sen IVE; IVE de 9.888,54 euros) e o prazo de execución de 2 meses.

20. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00012498K.

Transmisión da licenza de taxi número 102 a favor de “Hermanos San Martín Castro, CB” por falecemento de Benito Sanmartín Pérez, titular legal da mesma

Apróbase a transmisión.

21. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00038021Z.

Aprobación da lista definitiva de autorizacións de venda ambulante de xeados e castañas para o ano 2021

Apróbase a relación definitiva de autorizados para a venda ambulante de castañas e xeados. Non se exclúe a ningún dos vendedores incluídos na lista provisional: 5 autorizacións.

22. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00020318K.

Aprobación da lista definitiva de autorizacións de venda ambulante de recordos na vía pública para o ano 2021

Apróbase a relación definitiva de autorizados para a venda ambulante de recordos. Non se exclúe a ningún dos vendedores incluídos na lista provisional: 14 autorizacións.

23. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022322R.

Aprobar o texto do convenio e a concesión directa da subvención ao Ateneo de Santiago, con NIF G70161096, por importe de 20.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890002, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

Outórgase unha subvención de 20.000 euros para financiar un ciclo de conferencias.

24. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2021/00021684F.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e **CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO** en data 28/07/2021 para o financiamento do **“PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO A MULLERES EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN”**.

Dáse conta da sinatura do convenio por importe de 30.000 euros.

25. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00038498P.

Dar conta das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dáse conta.

URXENCIAS

- Corrección de erros no acordo de adjudicación do contrato de obra de rehabilitación do palacete da Finca do Espiño.

Procédese á subsanación do erro advertido no acordo número 8 da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 19 de xullo de 2021, relativo á partida orzamentaria.

- Validación dunha factura de Iluminacións Santiaguesas.

Válidase e recoñécese a factura de Iluminacións Santiaguesas relativa á iluminación ornamental das rúas de Compostela durante o Apóstolo 2021 por importe de 7.459,22 euros.

- Aprobación do expediente de contratación e licitación do contrato de Subministración de 2 puntos limpos móbiles.

Apróbase o expediente denominado Subministración de dous (2) puntos limpos móbiles no Concello de Santiago de Compostela e a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 51.318,40 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 10.776,86 euros.

O financiamento desta actuación forma parte das axudas en materia de residuos de competencia municipal cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.